

**ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas corresponda, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.—FACULTADES DE DELEGACIÓN.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da facultade do Concello de Ponte Caldelas de delegar todas ou algunha das facultades que corresponden sobre este tributo no O.R.A.L. da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

DISPOSICIÓN FINAL.—APROBACIÓN E VIXENCIA

A presente Ordenanza Fiscal que consta de 9 artigos e unha disposición adicional e unha final, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2012 e entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e nunca antes do 1 de xaneiro de 2013.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 17 de decembro de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012011816**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de novembro de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de depuración de augas residuais do Concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 08.11.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.**PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Ponte Caldelas establece a taxa pola prestación do servizo de depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4.r) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros e o seu vertido a mesma.
- b) O mantemento integral do sistema de depuración de augas residuais urbanas.
- c) A prestación do servizo da depuración de augas residuais urbanas.



2. A vertedura de auga residual na rede de sumidoiros do Concello terá carácter obrigatorio para todos os inmobles do municipio conectados á rede e supón a realización do feito imponible da taxa, aínda cando os interesados non soliciten a prestación de tal servizo ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión, entendendo que esta se produce cando o inmovible diste menos de 100 metros da rede.

3. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto no Real decreto 2187/1978, do 23 de xuño.

4. A depuración esixirase segundo as seguintes modalidades:

- Usos domésticos (usos particulares que corresponden co vertido de augas residuais de orixe doméstico, sanitarios, duchas, cociña e comedor, lavado de roupa e vaixelas, limpeza doméstica; e calquera tipo correspondente a domicilios e inmobles sen actividade comercial ou industrial; e máis calquera vertido a rede cuxo orixe se poida considerar inherente ou propio da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal).
- Usos asimilados domésticos (usos correspondentes ás actividades clasificadas na CNAE, aprobada polo Real decreto 475/2007, agás que se asimilen a usos domésticos).
- Usos non domésticos (usos asimilados a domésticos que o seu volume de vertido a rede municipal sexa superior a 2.000 m³/ano). O cambio de uso de asimilado a doméstico a uso non doméstico, e viceversa por razóns de volume, terá efectos a partir do ano natural seguinte a aquel en que o caudal utilizado acade ou resulte inferior ao límite de consumo en 2.000 m³/ano.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos da taxa a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se encontren nos supostos seguintes:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de conexión á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.
- b) Cando se trate do servizo de depuración de augas residuais urbanas, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do ocupante ou usuario dos inmobles, os propietarios, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 3. RESPONSABILIDADES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, que non veña establecida en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria da depuración de augas residuais, resultará da adición dunha parte fixa e dunha parte variable.

1. Establécese unha cota fixa de 1,50 €/mes por contribuínte para os usos domésticos e asimilados a domésticos. No caso de que nese período o contribuínte non supere o volume de consumo establecido no primeiro tramo (parte variable), a cota fixa será de 0,50 €/mes por contribuínte.

Para os usos non domésticos, establecece una cota fixa de 2,50 €/mes.

2. A cota variable da Taxa, determinarase en función da cantidade de auga medida en metros cúbicos utilizada no inmovible e o número de persoas que habitan no mesmo, de acordo coas seguintes tarifas por tramo:

TRAMOS	VOLUMEN MENSUAL	GRAVAMEN		
		DOMESTICOS	ASIMILADOS A DOMÉSTICOS	NON DOMESTICOS
1º tramo	$\leq 2 \cdot n$ m ³ /habit.mes	0, €/m ³	0,28 €/m ³	0,41 €/m ³
2º tramo	$> 2 \cdot n \leq 4 \cdot n$ m ³ /habit.mes	0,28 €/m ³	0,28 €/m ³	0,41 €/m ³
3º tramo	$> 4 \cdot n \leq 8 \cdot n$ m ³ /habit.mes	0,36 €/m ³	0,36 €/m ³	0,41 €/m ³
4º tramo	$> 8 \cdot n$ m ³ /habit.mes	0,41 €/m ³	0,41 €/m ³	0,41 €/m ³

Onde "n" é o número de persoas na vivenda.

A determinación do número de habitantes quedará determinado polo valor fixado por Augas de Galicia para a aplicación do canon da auga, todo elo, segundo a regulamentación establecida para elo. Se non fose de aplicación dito tributo, e agás proba en contrario, presúmese que unha vivenda está habitada por, coma mínimo, tres persoas, e a modificación de dito número determinarase do seguinte xeito:

A modificación no número de habitantes na vivenda, poderá obterse de cumprir os seguintes requisitos:

- Número de habitantes para o que se pretenda a modificación debe coincidir co número de persoas que están empadroadas en dita vivenda.
- A solicitude deberá estar asinada polo titular do subministro.

O procedemento iniciarase coa presentación dunha solicitude por parte do interesado no rexistro xeral do Concello. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos establecidos, procederase a modificación do número de persoas da vivenda, entrando dita modificación en vigor no período de facturación seguinte ao da resolución da petición.

3. Nos casos das captacións propias de auga efectuadas directamente polos usuarios domésticos cando non dispoñan dun dispositivo de medición directa do volume vertido ou do consumo de auga efectuado, procederase da seguinte forma:

- Usos domésticos: o cálculo do importe da Taxa de depuración, determinarase tendo en conta un consumo de 151 litros por habitante e día de acordo co establecido no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa.
- Usos asimilados a domésticos e non domésticos: o consumo determinarase polo cociente entre a importe facturado en concepto de Taxa de sumidoiros e o tipo de gravamen establecido no segundo tramo para os usos domésticos, redondeado sen decimais.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:

- Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formula expresamente.
- Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixiranse o primeiro día de cada trimestre natural seguinte ao do devengo. As cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irredutibles polo período sinalado, salvo nos casos de altas e baixas no padrón.

**NORMAS DE XESTIÓN***ARTIGO 7. LICENZA DE ACOMETIDA*

1. A taxa esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co exposto no art. 27.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente declaración ou autoliquidación no impreso facilitado por este Concello, efectuarán o seu ingreso e presentarán xuntamente coa súa solicitude xustificante bancario do ingreso efectuado.

3. Se sé realiza a acometida sen mediar solicitude, practicarase liquidación de oficio, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 8. SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS.

1. Presentarase mediante o impreso facilitado por este Concello as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo, que producirán efectos no período impositivo seguinte.

2. Toda declaración de alta deberá achegar:

- a) Identificación do substituto do contribuínte (achegando copia do NIF), e se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (achegando copia do NIF).
- b) Copia do título de propiedade do inmovible obxecto do servizo.

3. Nas declaracións de modificación, de calquera tipo, deberanse achegar os documentos que a xustifiquen, entre outros, certificado da alta ou baixa no imposto de actividades económicas, licenza de primeira ocupación do inmovible,...

4. Nas declaracións de baixa, achegarase certificado de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa ningunha.

5. O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa. As ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello antes de que finalice o trimestre natural de facturación e, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes ao mesmo. No caso de falla de presentación de declaración ou presentación extemporánea desta, os efectos da mesma terán lugar no período impositivo seguinte ao da presentación, sen prexuízo das sancións que se puideran impoñer.

6. Establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas por prestación do servizo de abastecemento de auga e a taxa de sumidoiros.

ARTIGO 9. PADRÓN DA TAXA

1. As declaracións de alta así como as liquidacións de oficio sinaladas no artigo 11, suporán a incorporación do suxeito pasivo ao padrón da taxa polos elementos declarados ou comprobados.

2. A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.

3. O cobro dos recibos poderase facer:

- En metálico, nos lugares que se sinalen nos edictos de exposición ao público.
- Mediante domiciliación bancaria.

4. O cobro das cotas realizarase trimestralmente. Non será necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta.



5. Os padróns de substitutos do contribuínte, unha vez aprobados polo órgano competente expóñense ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso expóñense os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 10. ACTUACIÓN DE OFICIO

1. A Administración municipal liquidará de oficio e incluírá no padrón a todos os suxeitos que non presentasen a correspondente declaración de alta, quen deberán achegar a documentación sinalada no apartado 2 do artigo 9.

2. Para os efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmobles obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 1 da presente, os que se atopen en calquera das seguintes circunstancias:

- a) Os incluídos no padrón do imposto sobre bens inmobles ou que solicitasen a alta no mesmo.
- b) Aqueles que excedesen o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non solicitasen a correspondente licenza de primeira ocupación.
- c) Aqueles que contén con provisión eléctrica ou de comunicacións.

3. A falta de declaración de alta ou modificación no uso, nos casos de obra, determinará a liquidación de atrasos desde a data de solicitude da correspondente licenza ou desde a de calquera acto municipal anterior á mesma que declare a existencia das referidas obras, salvo proba en contrario.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 2 de novembro de 2012 e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 17 de decembro de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2012011817**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de novembro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de augas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 08.11.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello de Ponte Caldelas establece a Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.